

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**

RESOLUCIÓN do 15 de febreiro de 2024 pola que se deixa sen efecto a publicación e a convocatoria da Resolución do 2 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións ás actividades de distribución para industrias culturais, e se convoca para o ano 2024 (código de procedemento CT402C).

A Axencia Galega das Industrias Culturais pretende fomentar a demanda de produtos culturais e, pola súa vez, aumentar a súa exportación, para o que, anualmente, deseña liñas de axuda dirixidas ás empresas culturais privadas dedicadas principalmente á distribución e/ou comercialización de produtos culturais galegos.

Con este obxectivo, o día 15 de febreiro de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 33 a Resolución do 2 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións ás actividades de distribución para industrias culturais, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT402C).

Dados os erros detectados nesta convocatoria, a necesidade da súa corrección, para que o seu contido se adecúe aos fins de fomento perseguidos pola Agadic, que se recollen nos artigos 3, 4 e 5 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia, e co obxecto de afondar nas características dos proxectos que poden ser presentados para que se acomoden á realidade das demandas do sector, cómpre deixar sen efecto a publicación e a convocatoria de referencia, máximo cando se trata dun procedemento de concorrència non competitiva, coa finalidade de preservar os dereitos dos posibles solicitantes.

Así pois, de acordo co exposto e co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como cos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, e en virtude das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

1. Deixar sen efecto a publicación e a convocatoria da Resolución do 2 de febreiro de 2020 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrència non



competitiva, de subvencións ás actividades de distribución para industrias culturais, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT402C).

2. Respecto ás solicitudes presentadas ao abeiro da citada convocatoria, de ser o caso, quedarán sen efecto e procederase ao seu arquivamento sen máis trámites por quedar sen obxecto a súa pretensión, en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional única

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o presidente do Consello Reitor, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira única

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2015

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

CVE-DOG: id6zhcm1-ct60-cpx9-api1-omgo1haelws0

